



O día tres de xaneiro
Malpica se alborotaba
faltaba o fillo de Cholas
que polas praias andaba.

A nai choraba por morto
porque lle quería ben
como era traballador
era unha lástima del.

O que foi aquel mesmo día
en Fontán pequeno varou
un barquiño abandonado
da armada desta nación.

- E despois di, non sei como...

en Malpica non parou

- Non é así...

Rapaces, mozos e vellos
en Malpica non parou

Iban todos apurados / a correr
con machados e fouchiños
iban cheos de faroles
todos por eses camiños.

Arrastraron as cadenas
a mailas cousas que había
eses mulos de Seaia
anduveron todo o día.